

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE TÉCNICO/A DE TURISMO (SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN)

ACTA DA MESA DE SELECCIÓN

Reunidos na Biblioteca-Aula CEMIT de Vedra, o día cinco de xullo de dous mil vinte e un, sendo as 9:00 horas os seguintes membros da Mesa de selección do proceso selectivo para a provisión temporal dun posto de técnico/a de turismo subvencionado pola Deputación Provincial de A Coruña (DP0029/2021), para levar a cabo a fase de oposición:

D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO (PRESIDENTE)

D. JOSÉ RAMÓN CHAS BAO (VOGAL)

D^a. MARÍA DE LA CRUZ VILAS GIADANES (VOGAL)

D. ALBERTO REY CASTRO (EXPERTO)

D. IVÁN GARCÍA GARCÍA (EXPERTO)

D^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS (SECRETARIA)

Ás 9:05 horas procédese ao chamamento dos candidatos/as, por orde alfabética. Están presentes os/as seguintes aspirantes:

APELIDOS, NOME (DNI)
CABALLERO FERNANDEZ, DAMIÁN (**961C)
CANICOBA CASTRO, MARÍA DEL ROSARIO (**403D)
LAMAS IGLESIAS, JESÚS (**917N)
ORDÓÑEZ TRIÑANES, CRISTINA (**731J)

Unha vez os/as aspirantes presentes están sentados/as, para preservar a súa identidade e a transparencia do proceso, entrégaselles un sobre grande que contén a proba (castelán ou galego á súa elección), unha ficha para cumprimentar os seus datos persoais e outro sobre máis pequeno con tres etiquetas identificadoras que se colocan na ficha de datos persoais e nos dous exames.

De acordo coa base novena, a fase de oposición consiste nunha proba escrita, obrigatoria e eliminatoria, que consta dun cuestionario de 20 preguntas tipo test e un tema a desenvolver, a escoller entre dous propostos pola Mesa de Selección, a realizar nun tempo máximo de 90 minutos. Para superar esta fase de oposición os/as candidatos/as deben acadar unha puntuación mínima de 5,00 puntos tanto no test como no tema a desenvolver.

Ás 9.05 comeza a proba e remata as 11:40 horas

Rematada a fase de oposición, os integrantes da Mesa de Selección reúnen no Salón de Actos da Casa do Concello de Vedra, para a valoración da proba realizada , acadando os/as aspirantes as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	TEST (10 pts)	TEMA (10 pts)	TOTAL (20 pts)
CABALLERO FERNANDEZ, DAMIAN (**961C)	6,00	3,00	Non supera a proba

CANICOBA CASTRO, MARIA DEL ROSARIO (**403D)	9,50	9,00	18,50
LAMAS IGLESIAS, JESUS (**917N)	4,50	Non se valora ao non superar o test	Non supera a proba
ORDÓÑEZ TRIÑANES, CRISTINA (**731J)	5,00	5,00	10,00

Antes de proceder á baremación dos méritos, os integrantes da Mesa de Selección acordan:

- 1.- No apartado de Máster e Postgrao valorar todos aqueles que teñan relación co ámbito turístico.
- 2.- Como indica no Anexo I das bases, a experiencia profesional deberá xustificarse mediante contratos de traballo e vida laboral expedida pola Seguridade Social, aceptando a Mesa de Selección certificados de empresa en ausencia de contrato, polo tanto non se valorará a experiencia que non veña acreditada conxuntamente con estes dous documentos ou a que non se refira ao grupo ou posto a desempeñar.
- 3.- Os contratos que na data de expedición da vida laboral se atopen en vigor, serán tidos en conta ata a data de expedición de dita vida laboral.
- 4.- Para o cálculo dos meses de experiencia, terase en conta cada contrato individualmente, acreditados en relación co posto a desenvolver que figuren na vida laboral, dividido por 30 días (mes).

Rematada a fase de baremación de méritos alegados polos/as participantes que superaron a fase de oposición, as puntuacións son as que se reflicten a continuación:

APELIDOS E NOME	Total (11,00 ptos)
CANICOBA CASTRO, MARÍA DEL ROSARIO (**403D)	9,25
ORDÓÑEZ TRIÑANES, CRISTINA (**731J)	2,90

As puntuacións totais son as que a continuación se reflicten:

APELIDOS E NOME	FASE DE OPOSICIÓN	MÉRITOS	TOTAIS
CANICOBA CASTRO, MARIA DEL ROSARIO (**403D)	18,50	9,25	27,75
ORDÓÑEZ TRIÑANES, CRISTINA (**731J)	10,00	2,90	12,90

A Mesa de Selección acorda:

1º.- Concederlle aos/ás candidatos/as un prazo de tres días dende a publicación da presente acta na páxina web municipal (<https://concellodevedra.com>) e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e da Sede Electrónica (<https://sede.vedra.es>) para presentar alegacións.

2º.- De non presentarse alegacións no citado prazo, propón como candidato/a para o posto de técnico/a de turismo a:

- CANICOBA CASTRO, MARIA DEL ROSARIO cunha puntuación de 27,75 puntos.

Quedan como substitutos/as segundo orde de puntuación acadada no proceso selectivo.

- ORDÓÑEZ TRIÑANES, CRISTINA cunha puntuación de 12,90 puntos.

Conclúe a sesión ao fío das 13:15 horas.